

TEMARIO

**Proceso selectivo para o ingreso
como persoal laboral fixo
na categoría de ordenanza do persoal
da Corporación de Radio-Televisión de Galicia.**

**Praza reservada para
persoas con discapacidade intelectual.**

Información da Corporación

O contido dos temas é orientativo
e non vincula ao tribunal cualificador
do proceso selectivo.

O temario foi creado pola Corporación de Radio e Televisión de Galicia.

Para crealo baseouse en:

- A normativa vixente aplicable.
- Temarios anteriores
creados pola Xunta de Galicia.
- Outros temarios realizados
por entidades do sector público

Contido do temario

O temario divídese en 2 partes:

- Parte xeral.
- Parte específica.

Neste apartado

atoparás os bloques da parte xeral

A parte xeral inclúe os seguintes bloques:

- **Bloque 1.**
A Constitución española.
A Administración Pública.
- **Bloque 2.**
O Estatuto de Autonomía de Galicia.
A Administración de Galicia.
- **Bloque 3.**
A Corporación.
- **Bloque 4.**
A igualdade, a transparencia
e a prevención de riscos laborais.

A lectura fácil

O temario que podes atopar a continuación
está en lectura fácil.

A lectura fácil é unha forma de presentar a información
de maneira clara e sinxela
para facilitar a súa comprensión.

A adaptación dos textos a lectura fácil
fai que non se poidan utilizar en todas as ocasións
as normas de redacción sobre linguaxe de xénero.

Cando leas palabras como traballadores,
profesións, cargos ou categorías,
debes entendelas como xenéricas,
é dicir, refírese tanto ao xénero masculino
como ao feminino.

O temario en lectura fácil foi revisado
por FADEMGA Plena Inclusión Galicia.